

INFORMACIÓN AOS MEMBROS DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA UDC SOBRE A ACTIVIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE

A vixilancia da saúde é un dos deberes básicos do empresario segundo se recolle no artigo 22.1 da L.P.R.L., que permite ao mesmo tempo á administración sanitaria desenvolver unha actividade de defensa da saúde laboral en termos de xeneralidade debido á obriga de colaboración dos servizos de prevención co sistema nacional de saúde:

É unha actividade con múltiple finalidade:

1. **Finalidade de investigación e detección das causas xerais do risco**, tanto obxectivas (como pode ser a identificación de toxicidades) como subxectivas (como pode ser a definición de situacións individuais de sensibilidade).
2. **Finalidade preventiva**, identificando situacións individuais e singulares de afectación ou afectabilidade que poidan xurdir na realidade laboral e deriven en riscos xa coñecidos e identificados.
3. **Finalidade de control do mantemento de determinados parámetros fisiolóxicos ou psicolóxicos**, de tal modo que, da desviación destes parámetros se poida inducir a efectiva afectación do traballador.

De acordo coa normativa española, ten as seguintes características:

1. **Ten carácter voluntario, salvo excepcións.** Estas excepcións veñen establecidas ben por disposición legal, ou ben por requirimento da propia avaliación na empresa, co previo informe dos representantes dos traballadores.
2. **Ten natureza funcional, en tanto en canto se leva a cabo unicamente en función dos riscos inherentes ao posto de traballo.**

A vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou a outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos que estea exposto o traballador.

Os exames de saúde incluírán, en todo caso, unha historia clínico-laboral na que ademais dos datos de anamnese, exploración clínica, control biolóxico e estudos complementarios



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

en función dos riscos inherentes ao traballo, se fará constar unha descrición detallada do posto de traballo, o tempo de permanencia nel, os riscos detectados na análise das condicións de traballo e as medidas de prevención adoptadas.

Será realizada por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada, para tal efecto o Regulamento dos Servizos de Prevención dispón que os servizos que desenvolvan funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores deberán contar como mínimo, e sen prexuízo da participación doutros profesionais sanitarios, co persoal seguinte:

- 1 médico especialista en Medicina do Traballo ou diplomado en Medicina de Empresa.
- 1 A.T.S./D.U.E. de empresa.

3. **Ten carácter periódico**, a pesar de ser máis importante o aspecto de permanencia e continuidade, que é precisamente o que lle confire a característica básica de vixilancia periódica. Implica, pois, unha actuación estendida no tempo. Ao abeiro da actual lexislación, os momentos nos que debe levarse a cabo esta vixilancia da saúde son os seguintes:

- Recoñecemento previo á admisión do traballador. Obrigatorio exclusivamente no caso de postos de traballo con risco de enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais. O seu resultado é vinculante para a contratación do traballador, existen casos excepcionais nos que se pode conceder un prazo para efectuar os recoñecementos inmediatamente despois da iniciación do traballo. Non ten carácter voluntario para o traballador.
- Avaliación inicial despois da incorporación ao traballo.
- Avaliación subseguinte ao cambio de posto de traballo. Unicamente no caso de asignación de tarefas específicas que reporten novos riscos para a saúde.
- Avaliación subseguinte ás ausencias prolongadas por causas de saúde. Coa finalidade de descubrir as súas eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexer aos traballadores.
- A vixilancia periódica propiamente dita. É a manifestación típica do deber de vixilancia da saúde, está investida do dobre carácter de voluntariedade e periodicidade, pode incluso nalgúns casos estenderse máis alá da relación laboral mesma a través do Sistema Nacional de Saúde. As diferentes normativas preventivas sectoriais adoitan incluír frecuencias mínimas.

A ACTIVIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE NA UDC.

Os recoñecementos médicos realizaranse unha vez rematada a avaliación técnica dos riscos laborais, logo da análise polo persoal sanitario tanto desta información como da súa propia avaliación inicial.

Este departamento de prevención considera como ausencia prolongada por causas de saúde que reporta a necesidade de realizar un recoñecemento médico ao traballador, aquela que supera os trinta días.

A universidade non dispón de persoal sanitario propio, polo que estas actividades serán realizadas por persoal do servizo de prevención alleo Fremap, co seguinte perfil profesional:

- Médico especialista en Medicina do Traballo ou asimilado.
 - A.T.S. de empresa.
- Coa posible participación dos seguintes profesionais:
- Médico especialista en Traumatoloxía.
 - Médico asistencial (urxencias).
 - Médico especialista en familia.
 - A.T.S.
 - Fisioterapeuta.

Os resultados da vixilancia da saúde (informes médicos) terán carácter persoal e a estes unicamente terán acceso as seguintes persoas:

1. O propio traballador, a quen lle serán comunicados.
2. O persoal médico que leve a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.
3. As autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores (exclúense as autoridades con competencia distinta da exclusivamente sanitaria).
4. As persoas a quen dea consentimento expreso o traballador.

Das conclusións derivadas destas actividades serán informados o empresario e o servizo de prevención, coa finalidade exclusiva de que poidan desenvolver correctamente as súas funcións. A información referirase aos seguintes extremos:

- A aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo.
- A necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección en prevención.

A documentación da vixilancia da saúde será rexistrada e arquivada de acordo coa normativa vixente.